



## PRAZAS PROFESORADO CURSO 2020/2021

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE.**

Despois do acordo do Consello de Goberno desta Universidade de 23 de setembro de 2020, convócase un concurso para a contratación laboral do persoal docente que se relaciona no Anexo II da presente Resolución. O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

**1.- NORMATIVA**

Este concurso rexerase polas bases desta convocatoria e pola normativa seguinte:

- a) O Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- b) O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- c) Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007).
- d) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014.

**2.- REQUISITOS DOS CONCURSANTES**

Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumplir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

**2.1 Requisitos de carácter xeral:**

- a) Ser español/a, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuge, descendentes e descendentes do cónxuge, dos españoles e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se previxe nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os/as nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados/as, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumplido os dezaseis anos e non ter cumplido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión da titulación esixida en cada unha das prazas que figuran no anexo II. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación ou da certificación de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España, ou do recoñecemento profesional do título para poder exercer como profesor de universidade, conforme ao disposto no Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro (BOE do 22 de novembro).
- d) Ter aboadas as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Non padecer doença ou discapacidade física ou psíquica que lle impidir o desempeño das funcións.

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Página	1/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		





- f) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.
- g) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos e), f) e g) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

## **2.2. Requisitos específicos para a figura de profesor/a asociado/a:**

O contrato poderase realizar con especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario por un período mínimo de tres anos. Esta actividade profesional deberá estar directamente relacionada cos contidos da actividade docente para desenvolver e ser desenvolvido por un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Ademais, para concursar ás prazas 20/9010, 20/9011 e 20/9012 será necesario desempeñar a súa actividade profesional na área sanitaria da Coruña.

## **3.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

3.1. As persoas que desexen participar neste concurso farán utilizando o modelo de solicitude e de currículo que figuran como anexos III e IV a esta convocatoria (disponíbelas en formato editable no seguinte enlace [http://www.udc.es/pdi/\\_galeria\\_down/impresos/MODELO\\_SOLICITUDE\\_CURRICULO.docx](http://www.udc.es/pdi/_galeria_down/impresos/MODELO_SOLICITUDE_CURRICULO.docx)).

As solicitudes dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e presentaranse por un dos seguintes medios:

a) Preferentemente a través da sede electrónica da Universidade (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica. A solicitude (anexo III) e currículo (anexo IV) deberán converterse en formato PDF e asinarse electronicamente. Presentaranse xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

b) En caso de imposibilidade técnica xustificada, poderán realizarse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015), na forma que se indica no anexo I.

3.2. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, presentarán xunto coa súa solicitude os seguintes documentos, na forma que se indica no anexo I:

a) Copia do DNI ou documento equivalente.

b) Copia do título académico esixido. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou certificación de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España, ou o recoñecemento profesional do título para poder exercer como profesor de universidade, conforme ao disposto no Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro (BOE do 22 de novembro).

c) Xustificante do pagamento na conta corrente ES76 0049-5030-15-2516011262, concursos-oposicións; Banco Santander, da cantidade de 43,30 euros por cada praza a que se concurse, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, dirixida ao órgano expresado na base 3.1.

Estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia da cualificación do grao de discapacidade.

Así mesmo, estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Página	2/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		





categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia do título de familia numerosa, que deberá estar vixente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa, as persoas que figurassen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, **agás para as prazas de profesor asociado**, e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego.

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de solicitudes non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención do pagamento da citada taxa.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar a correspondente solicitude.

d) Para acreditar os requisitos específicos esixidos para as prazas de profesor/a asociado/a, debe achegarse a seguinte documentación:

- Traballo por conta allea: certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Traballo por conta propia: certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obligatoria a alta en ningún réxime do sistema da seguridade social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.

e) Documentos acreditativos dos méritos na forma que se indica no currículo (anexo IV).

3.3. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

3.3.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.

3.3.2. Para a declaración da nota media que se establece no BLOQUE I do currículo deberán utilizarse os arquivos excel que están na páxina web da Universidade dispoñibles no seguinte enlace: <http://www.udc.es/pdi/concursos/declaracion/>

Non presentar a certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do/a aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

3.3.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.3.4. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos datos que fagan constar na solicitude, así como dos que figuren no currículo e dos que acheguen na documentación dos méritos correspondentes, asumindo, en caso contrario, as responsabilidades que puidesen derivarse das inexactitudes dos mesmos.

3.4. Rematado o procedemento e unha vez que a resolución do concurso sexa firme, a documentación dos concursantes poderá retirarse no Servizo de PDI. A documentación que non fora retirada será destruída transcorridos tres meses desde a finalización do procedemento.

#### 4.- PUBLICIDADE DAS RELACIONES DE CONCURSANTES

4.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro electrónico oficial da Universidade: [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)

e na páxina web: [http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/), con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión.

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Páxina	3/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		





A subsanación poderá facerse na sede electrónica <https://sede.udc.gal/>, a través do Rexistro electrónico ou polos medios establecidos na base 3.1.b.

Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

4.3. De acordo co previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro estas publicacións surtirán os mesmos efectos da notificación persoal ás persoas interesadas.

## 5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

5.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

5.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

5.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 5.1, designaranse profesores das áreas afíns. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteio profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

5.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederese á substitución pola persoa supلente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (BOE de 2 de outubro) deberán abstenerse de intervir e comunicaranlo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

5.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impiden a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a por un/unha vicedecano/a ou subdirector/a, ou o/a profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

5.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

5.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

5.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, segundo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

## 6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

6.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla.

Para os efectos das actuacións da comisión, considérase inhábil o mes de agosto.

Páx. 4

Código Seguro De Verificación
eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==

eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==

Estado
Asinado

28/09/2020 09:36:06

Página
4/37

4/37

Url De Verificación
<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>

<https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==>





Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

6.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constitúa a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

6.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

6.4. As comisiones quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

6.5. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitirán ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade:

[http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/)

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada polos concursantes.

Con carácter xeral, a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

6.6. Os acordos das comisiones, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioria. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

## 7. PROPOSTA DA COMISIÓN

7.1. As comisiones redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes.

Incluirase un informe do representante sindical que, no caso de ser desfavorable, debe de estar motivado.

7.2. Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

7.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá proponer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

7.4. A comisión publicará a súa proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro xunto coa acta de puntuacións. Así mesmo remitirá a proposta e a acta de puntuacións ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da Universidade: [http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/) Concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do centro, para poderen presentar reclamacións razonadas contra esta proposta.

7.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/a presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alleo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

7.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

7.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de xulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razonado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razonada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Página	5/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		





## 8.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

8.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuiralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgala ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 35 da Lei 39/2015.

8.2. A resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial da Universidade: [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)

e na páxina web: [http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/)

Esta publicación surtirá os mesmos efectos da notificación persoal aos/as interesados/as, segundo o previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015.

8.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

## 9.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

9.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles desde o seguinte á publicación da resolución do concurso no taboleiro electrónico oficial da Universidade, no Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) para formalizar o correspondente contrato. Se houber lugar a presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, deberá acreditar a correspondente solicitude e o prazo para a contratación quedará automaticamente prorrogado ata a súa resolución.

O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

O desempeño dun segundo posto no sector público únicamente é susceptible de compatibilidade coa figura de profesor asociado, nos termos que establece a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

9.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

9.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acredítase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

## 10.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de todos os trámites relacionados co procedemento de selección de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamiento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña , mail: rpd@udc.gal, teléfono 881011161; ou tamén a través da Sede Electrónica da UDC. A delegada de Protección de Datos é dona Luz M<sup>a</sup> Puente Aba: dpd@udc.gal. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

A base de xustificación deste tratamento é o exercicio de poderes públicos e a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (art. 6.1.e) Regulamento europeo de protección de datos; Lei Orgánica de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAYnqGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Páxina	6/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAYnqGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAYnqGt/tCP0MA==</a>		





Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

## 11.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as no Servizo de Persoal Docente e Investigador (Rúa da Maestranza, nº 9) e na páxina web da Universidade: ([http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/profesorado/seleccioninterinolabcont.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/seleccioninterinolabcont.pdf)).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 28 de setembro de 2020

P.D. do reitor (R.R do 14/01/2020)

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Página	7/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		





## GUIA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

## 1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

a) Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 2 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Solicitud.pdf

Curriculo.pdf

Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Vida\_laboral.pdf

Acreditacion\_avalacion.pdf

A solicitude e o currículo deberán asinarse electronicamente

b) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en formato PDF, non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por bloque, podendo comprimirse de ser necesario en formato ZIP non cifrado e sen contrasinal, e nomearase da seguinte forma:

B1\_Apelidos\_nombre

BV\_Apelidos\_nombre.

BII\_Apelidos\_nombre

BVI\_Apelidos\_nombre.

BIII\_Apelidos\_nombre

Outra\_documentacion

BIV\_Apelidos\_nombre

A documentación xustificativa do currículo que non sexa susceptible de presentarse en formato pdf (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel por un dos medios sinalados na base 3.1.b.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo

No caso de ter presentado máis dunha solicitude electrónica, só se considerará válida a última efectuada.

## 2. PRESENTACIÓN POR OUTROS MEDIOS INDICADOS NA BASE 3.1.b

a) A solicitude e o currículo deberán asinarse en todas as súas páxinas e presentaranse en soporte papel.

b) Unha copia da solicitude e do currículo e o resto da documentación deberá achegarse en soporte electrónico.

O soporte electrónico utilizado (preferentemente pendrive ou CD/DVD) deberá ser compatible con calquera tipo de computador, e a documentación que conteña estará organizada na forma que se indica a continuación. Acompañarase á solicitude en sobre pechado debidamente identificado co DNI, Apelidos e Nome do candidato e o número da praza á que se aspira.

c) A documentación administrativa a que se refire a base 2 da convocatoria deberá achegarse á solicitude en formato pdf e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Vida\_laboral.pdf

Acreditacion\_avalacion.pdf

d) Os ficheiros que conteñan a documentación xustificativa do currículo (Bloque I ao VI) deberán achegarse en soporte electrónico, e en formato PDF.

B1\_Apelidos\_nombre.pdf.

BV\_Apelidos\_nombre.pdf.

BII\_Apelidos\_nombre.pdf.

BVI\_Apelidos\_nombre.pdf.

BIII\_Apelidos\_nombre.pdf.

Outra\_documentacion.pdf

BIV\_Apelidos\_nombre.pdf.

A documentación xustificativa do currículo que non sexa susceptible de presentarse en formato pdf (libros, publicacións...) achegarase en soporte papel.

Os documentos xustificativos do currículo deberán aparecer na mesma orde e coa mesma numeración que se faga constar no mesmo.

Código Seguro De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06
Observacións		Página	8/37
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>		



**ANEXO II**

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECIMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIONES
20/9001	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Didáctica e Organización Escolar	Pedagoxía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G04008 Bases didácticas da Intervención Logopédica 652G01034 Bases Didácticas da Educación Especial Inclusiva 652G01028 Practicum	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9002	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P05	Didáctica das Ciencias Experimentais	Pedagoxía e Didáctica	Facultade de Ciencias da Educación	652G02020 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza I 652G02021 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza II	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9003	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Tempo completo	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogramétrica	Enxeñaría Civil	Facultade de Ciencias da Comunicación	616G01026 Infografía 3D-2 4529016 Modelaxe e Animación 3D para Vídeoxogos II 4529036 Modelaxe de personaxes I. Materiais 616G02019 Animación 2	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9004	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Tempo completo	Proxectos de Enxeñaría	Enxeñaría Civil	EU de Deseño Industrial	771G01024 Proxectos de Deseño I 771G01025 Proxectos de Deseño II 771G01026 Proxectos de Deseño III 771G01042 Técnicas da Expresión Artística Aplicada 771G01027 Proxecto Fin de Grao	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9005	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	614G02019 Aprendizaxe Automática I 614G01020 Sistemas Intelixentes 4530013 Seguridade Úbicua	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9006	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	614G02019 Aprendizaxe Automática I 4538017 Aprendizaxe Automática II 614G01020 Sistemas Intelixentes	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06	
Observacións		Páxina	9/37	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>			

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECIMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIONES
20/9007	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P04	Tecnoloxía Electrónica	Enxeñaría de Computadoras	Facultade de Informática	Materias da área	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9008	1	Asociado	Parcial P04	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadoras	Enxeñaría de Computadores	Facultade de Informática	Materias da área	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico, Enxeñeiro/a Técnico, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9009	1	Contratado/a Interino/a de Substitución	Tempo completo	Enfermaría	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermaría e Podoloxía	750G01025 Estadias Clínicas I 750G01008 Bases para a interpretación do coñecemento científico 750G01032 Practicum 750G02134 Practicum II	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
20/9010	1	Asociado Tipo 1	Parcial P03	Enfermaría - Terapia Ocupacional	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01304 Estadias Practicas IV (Ámbito da discapacidade física - EPIV)	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico, Enxeñeiro/a Técnico, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Área Sanitaria da Coruña

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Alberto Valderrutén Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	28/09/2020 09:36:06	
Observacións		Páxina	10/37	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>			

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIONES
20/9011	1	Asociado Tipo 1	Parcial P03	Enfermaría - Terapia Ocupacional	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	653G01311 Estadías Practicas VI (Ámbito das persoas maiores)	Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico, Enxeñeiro/a Técnico, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Área Sanitaria da Coruña
20/9012	1	Asociado Tipo 1	Parcial P03	Fisioterapia	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas	Facultade de Fisioterapia	651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia Respiratoria Pediátrica)	Diplomado/a en Fisioterapia, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Área Sanitaria da Coruña

Código Seguro De Verificación	eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==			Estado	Data e hora	
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente			Asinado	28/09/2020 09:36:06	
Observacións				Páxina	11/37	
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==">https://sede.udc.gal/services/validation/eljH8dXePAyngGt/tCP0MA==</a>					



## ANEXO III

## MODELO DE SOLICITUDE

Sr. Reitor:

Unha vez que se convocou a concurso público de méritos a praza de profesor desa universidade que a continuación se indica, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.			
